

Lei 6/2015, do 7 de agosto, pola que se modifica a Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia

Última versión

Exposición de motivos.

A Constitución española, no seu artigo 148.1.5º, establece que as comunidades autónomas poden asumir competencias en materia de estradas cando o seu itinerario se desenvolva integramente no territorio destas. O Estatuto de autonomía de Galicia, no seu artigo 27.8, atribúelle á Comunidade Autónoma a competencia exclusiva en materia de estradas non incorporadas á rede do Estado cando o seu itinerario se desenvolva integramente no territorio da Comunidade Autónoma.

A Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, foi aprobada polo Pleno do Parlamento de Galicia na súa sesión plenaria do 25 de xuño de 2013, e foi publicada no Diario Oficial de Galicia número 132, do venres 12 de xullo de 2013, e no Boletín Oficial del Estado número 177, do xoves 25 de xullo de 2013. A súa entrada en vigor produciuse aos tres meses da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Este novo texto legal amosou unha satisfactoria adaptación ás particularidades que presentan as redes de estradas de Galicia, e axilizou, desde a súa entrada en vigor, os mecanismos para a súa planificación, proxección, construción e explotación mediante o uso das innovacións legislativas que incorpora. Porén, nestes case dous anos de aplicación, detectáronse unha serie de aspectos que, en resumo, constitúen un conxunto de propostas que pretenden acadar os seguintes obxectivos:

– Explotar de modo máis eficiente o dominio público viario, de acordo coas particularidades territoriais da Comunidade Autónoma e mellorando a compatibilidade da protección do dominio público viario e da actividade económica que se apoia nas estradas. Preténdese:

1º. Fomentar o desenvolvemento de normativa técnica propia que optimice e facilite a xestión das estradas galegas; por exemplo, no deseño de accesos, sendas ou firmes adaptados á realidade territorial e física da nosa Comunidade Autónoma.

2º. Facilitar as actividades propias dos concellos (marquesiñas, casetas de información) ou instalacións temporais como terrazas, algo especialmente relevante en travesías con características urbanas.



3º. Protexer mellor o dominio público viario, incluíndo como infracción as verteduras nas beiravías e dificultando a impunidade no caso de infraccións cometidas por persoas xurídicas de modo que se identifican os seus responsables subsidiarios.

– Simplificar e axilizar os procedementos administrativos; por exemplo, na actualización dos catálogos de estradas e inventarios de travesías, fomentando o restablecemento voluntario da realidade física alterada nos procedementos sancionadores, simplificando a regulación da renovación das autorizacións demaniais outorgadas e aumentando o período transitorio de renovación desas autorizacións, cando foren anteriores á entrada en vigor da Lei 8/2013.

– Reforzar a seguridade xurídica para a cidadanía. Para iso, reformúlase ou complétase a redacción dalgúns artigos de modo que o seu sentido sexa máis claro. Isto afecta a definición de termos como «calzada» ou «travesía», para os efectos da aprobación definitiva de proxectos e anteprojectos de estradas, a consideración dos aproveitamentos urbanísticos nos expedientes expropiatorios, os usos autorizables ou a descentralización administrativa na xestión de estradas, entre outros, ademais de propoñerse correccións puramente formais.

Finalmente, e para unha mellor comprensión da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, establécese unha delegación legislativa para que o Consello da Xunta de Galicia aprobe un texto refundido que incorpore as modificacións realizadas e aclare, regularice e harmonice a terminoloxía e o contido dispositivo daquela.

Por todo o exposto, o Parlamento de Galicia aprobou e eu, de conformidade co artigo 13.2 do Estatuto de Autonomía de Galicia e co artigo 24 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, promulgo en nome de El-Rei a Lei pola que se modifica a Lei 8 /2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia.

Artigo único.-Modificación da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia.

A Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, queda modificada nos seguintes termos:

Un. Modifícase o punto 2 do artigo 5, que queda redactado nos seguintes termos:

«2. Calzada é a parte pavimentada da explanación, composta por un ou varios carrís e destinada á circulación de vehículos automóbiles, de:

a) A estrada.

b) Os elementos funcionais.»

Dous. Modifícase o punto 1 do artigo 8, que queda redactado nos seguintes termos:

«1. Para os efectos desta lei, considérase travesía o treito dunha estrada no que, discorrendo por solo clasificado como urbano, existen edificacións consolidadas que forman parte do núcleo de poboación.»



Tres. Modifícase o punto 1 do artigo 9, que queda redactado nos seguintes termos:

«1. A titularidade das estradas obxecto desta lei correspóndelle á Comunidade Autónoma ou ás entidades locais de Galicia.»

Catro. Modifícase o punto 6 do artigo 9, que queda redactado nos seguintes termos:

«6. As resolucións ou os decretos polos que se aproben os cambios de titularidade das estradas obxecto desta lei deberán ser publicados no Diario Oficial de Galicia e serán efectivos ao día seguinte da súa publicación naquel.

No caso de que unha das administracións afectadas sexa a Administración xeral do Estado, aplicarase a regulación sobre cambio de titularidade prevista na normativa estatal en materia de estradas.»

Cinco. Modifícase a letra b) do punto 6 do artigo 10, que queda redactada nos seguintes termos:

«b) A construción de novas estradas ou de novos treitos das estradas existentes.»

Seis. Engádese unha letra c) ao punto 6 do artigo 10, coa seguinte redacción:

«c) A adquisición ou perda da condición de estrada dunha vía pública.»

Sete. Engádese unha letra d) ao punto 6 do artigo 10, coa seguinte redacción:

«d) A consideración como travesía dun treito de estrada, cando non se tramitase un expediente ao respecto para o seu recoñecemento.»

Oito. Engádese unha letra d) ao punto 7 do artigo 10, coa seguinte redacción:

«d) O resto de supostos previstos regulamentariamente.»

Nove. Modifícase o punto 5 do artigo 22, que queda redactado nos seguintes termos:

«5. A aprobación definitiva dos anteproxectos, proxectos de trazado ou proxectos de construción implicará a declaración de utilidade pública, da necesidade de ocupación dos bens e de adquisición dos dereitos necesarios para a execución das obras, dos depósitos dos materiais sobrantes e dos préstamos necesarios para executalas, sempre que veñan previstos no seu proxecto, así como para a traza de planta do proxecto e para as modificacións deste que, de ser o caso, se puideren aprobar posteriormente, e da urxencia da ocupación, todo iso para os efectos de expropiación, ocupación temporal ou imposición ou modificación de servidumes.»

Dez. Modifícase o punto 3 do artigo 28, que queda redactado nos seguintes termos:



«3. Non obstante, cando se trate de expropiar terreos en situación urbanizada, a administración titular poderá convir, libremente e por mutuo acordo coa persoa expropiada, que esta reciba unha indemnización equivalente ao valor que terían os terreos no caso de atoparse en situación rural, e deixando o aproveitamento urbanístico, ou o dereito a el, en posesión da persoa expropiada, sempre que sexa posible conforme a lexislación e o planeamento urbanístico.»

Once. Modifícase a letra f) do punto 1 do artigo 30, que queda redactada nos seguintes termos:

«f) Mediante calquera outro mecanismo previsto nesta lei ou na normativa urbanística, patrimonial ou de contratación administrativa.»

Doce. Engádese un punto 8 ao artigo 33, coa seguinte redacción:

«8. Na medida en que non contraveña a normativa técnica básica, a consellaría competente en materia de estradas poderá ditar normas e instrucións complementarias relativas á explotación das estradas de titularidade da Comunidade Autónoma ou das entidades locais de Galicia.

As normas e instrucións que se diten terán en conta as particularidades da Comunidade Autónoma de Galicia, e compatibilizarán a realización de actividades económicas no contorno das estradas coa necesaria protección do dominio público viario e da seguridade viaria.»

Trece. Modifícase o punto 1 do artigo 43, que queda redactado nos seguintes termos:

«1. Na explanación da estrada e na dos seus elementos funcionais só se poderán autorizar os seguintes usos.»

Catorce. Engádese unha letra f) ao punto 1 do artigo 43, coa seguinte redacción:

«f) Os elementos, obras, actuacións e instalacións necesarios para que as administracións públicas poidan exercer as súas competencias, cando pola súa natureza ou funcionalidade non poidan ter outra colocación.»

Quince. Engádese unha letra g) ao punto 1 do artigo 43, coa seguinte redacción:

«g) As instalacións provisionais, cun prazo fixado, asociadas a actividades de interese ou uso público.»

Dezaseis. Modifícase a letra a) do punto 2 do artigo 43, que queda redactada nos seguintes termos:

«a) Usos autorizables na explanación da estrada e na dos seus elementos funcionais.»



Dezasete. Modifícase o primeiro parágrafo do artigo 46, que queda redactado nos seguintes termos:

«Entre a estrada e a liña límite de edificación prohibese calquera tipo de construción de nova planta, por encima ou por debaixo da rasante do terreo, os peches non diáfanos ou de fábrica, así como a instalación, agás cruzamentos, dos apoios das redes e infraestruturas aéreas de servizos públicos, coas excepcións establecidas nesta lei ou no seu regulamento, no caso de elementos que non teñan carácter edificatorio.»

Dezaioito. Modifícase o punto 2 do artigo 48, que queda redactado nos seguintes termos:

«2. A resolución deberá notificarse no prazo de seis meses contados desde o día seguinte ao da entrada da solicitude no rexistro do órgano competente para a súa tramitación. O transcurso do devandito prazo sen que se practicase a notificación da resolución permitiralle á persoa interesada entender desestimada a súa pretensión por silencio administrativo.»

Dezanove. Modifícase o punto 4 do artigo 49, que queda redactado nos seguintes termos:

«4. Con carácter xeral, as autorizacións para a realización de obras, instalacións ou actividades na zona de dominio público outorgaranse por un prazo máximo de dez anos, e poderán concederse, logo da solicitude da persoa interesada, ata dúas prórrogas por períodos de igual duración. Antes de que transcorra o prazo da autorización, incluídas as prórrogas, se é o caso, a persoa titular poderá solicitar unha nova autorización.

Para estes efectos, considérase que as autorizacións de acceso se refiren á incorporación de vehículos á estrada desde fóra do dominio público viario, independentemente dos elementos que se sitúen nel, polo que non estarán sometidas ás limitacións establecidas no parágrafo anterior.»

Vinte. Engádese unha letra e) ao punto 1 do artigo 50, coa seguinte redacción:

«e) Cando resulte incompatible con normas aprobadas con posterioridade.»

Vinte e un. Modifícase a letra b) do punto 3 do artigo 53, que queda redactada nos seguintes termos:

«b) Os rótulos dos establecementos mercantís ou industriais que sexan indicativos da súa actividade, sempre que se sitúen nos edificios e terreos nos que aqueles desenvolvan a súa actividade, máis separados da estrada que a liña límite de edificación e a unha distancia da calzada non inferior á súa altura, e non inclúan comunicación adicional tendente a promover a contratación de bens ou servizos.»

Vinte e dous. Modifícase a letra c) do punto 3 do artigo 53, que queda redactada nos seguintes termos:

«c) Os anuncios de espectáculos, celebracións ou probas culturais, deportivas ou similares, debidamente autorizados e que se desenvolvan na propia estrada, sempre que a súa



celebración sexa ocasional, non se coloquen, en ningún caso, nos soportes da sinalización vertical da estrada ou interferindo con ela e sexan retirados pola persoa titular da autorización inmediatamente despois de finalizar o acontecemento anunciado.»

Vinte e tres. Engádese unha letra d) ao punto 3 do artigo 53, coa seguinte redacción:

«d) Os rótulos que figuren sobre os vehículos automóbiles e que se refiran exclusivamente á actividade das persoas que os empreguen, ou á carga que transporten, sempre que non empreguen substancias reflectoras, cores ou composicións que poidan inducir á confusión con sinais de tráfico ou circulación ou que poidan obstaculizar o tráfico rodado.»

Vinte e catro. Modifícase o punto 2 do artigo 58, que queda redactado nos seguintes termos:

«2. A persoa causante dos danos deberá aboarlle á administración titular da estrada a indemnización polos danos e perdas ocasionados, no prazo que, para tal efecto, se lle conceda. No caso de que un asegurador asumise o risco derivado da responsabilidade civil da persoa causante dos danos, a administración titular da estrada poderá requirirlle directamente a aquel o pagamento da indemnización polos danos e perdas causados ao dominio público viario.»

Vinte e cinco. Engádese un punto 3 ao artigo 58, coa seguinte redacción:

«3. O prazo de prescrición da exixencia da obriga de reparar os danos e perdas causados e de indemnizar polos danos non reparables e polas perdas causadas será de tres anos, contados desde o día seguinte a aquel no que se producisen aqueles.»

Interromperá a prescrición a iniciación, co coñecemento da persoa interesada, do procedemento de declaración de responsabilidade por danos e perdas, e volverá transcorrer o prazo se aquel estiver paralizado durante máis dun mes por causa non imputable á persoa infractora.»

Vinte e seis. Modifícase o artigo 59, que queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 59. Compatibilidade de actuacións

1. As medidas de protección da legalidade viaria recollidas neste capítulo, incluídas expresamente as indemnizacións por motivo dos danos e perdas causados ao dominio público viario, adoptaranse sen prexuízo das sancións e responsabilidades que resulten procedentes e poderán ordenarse e executarse tanto independentemente como dentro do procedemento de sanción previsto nesta lei.

2. O prazo máximo para ditar e notificar a resolución que poña fin aos expedientes de protección da legalidade viaria será dun ano, contado a partir da data na que se incoaron aqueles, tanto no caso de que se tramiten independentemente como dentro do procedemento de sanción previsto nesta lei. De ser o caso, poderase tramitar a ampliación deste prazo máximo segundo o procedemento establecido na lexislación en materia de procedemento administrativo. O cumprimento do prazo máximo sen que se notifique a



resolución producirá a caducidade do procedemento. Non obstante, poderá incoarse un novo expediente de protección da legalidade viaria cando as exixencias das correspondentes obrigas non prescribisen conforme o establecido nesta lei. Para estes efectos, conservarán a súa validez os actos de trámite previos á instrución do expediente caducado e nomearase unha persoa distinta como instrutora deste.»

Vinte e sete. Elimínase a letra c) do punto 1 do artigo 61.

Vinte e oito. Modifícase a letra c) do punto 3 do artigo 61, que queda redactada nos seguintes termos:

«c) Colocar, verter, lanzar ou abandonar na calzada ou nas beiravías da estrada obxectos, elementos ou materiais de calquera natureza.»

Vinte e nove. Engádese un punto 3 ao artigo 63, coa seguinte redacción:

«3. Se as infraccións son imputables a unha persoa xurídica, poderán ser consideradas como responsables subsidiarias as persoas físicas que integran os seus órganos reitores ou de dirección, agás que discrepasen das decisións que levaron á comisión da infracción, e así se acredite debidamente.»

Trinta. Modifícase o segundo parágrafo do artigo 64, que queda redactado nos seguintes termos:

«A obriga de restitución e reposición das cousas ao seu estado anterior exixiráselles ás persoas responsables da infracción en calquera momento, independentemente da eventual prescrición desta ou das sancións que deriven dela.»

Trinta e un. Engádese un punto 3 ao artigo 66, coa seguinte redacción:

«3. A sanción correspondente á infracción cometida poderá reducirse ata nun noventa por cento do seu valor, cando non se provocasen danos ao dominio público viario nin se puxese en risco a seguridade viaria, se a persoa responsable acata, se é o caso, a resolución de paralización ou suspensión e procede á demolición das obras, á suspensión definitiva dos usos e ao restablecemento da realidade física alterada antes da resolución do expediente de sanción.»

Trinta e dous. Modifícase o punto 1 do artigo 68, que queda redactado nos seguintes termos:

«1. Cando a resolución dun expediente de reposición da legalidade viaria ou a dun procedemento para a imposición de sancións, incluídos os supostos de prescrición, lle impuxer á persoa responsable a obriga de restitución e reposición das cousas ao seu estado anterior e esta non cumprir o prazo fixado naquela ou nun requirimento posterior, unha vez transcorrido o devandito prazo poderán impoñérselle multas coercitivas, conforme o establecido na lexislación en materia de procedemento administrativo.»

Trinta e tres. Modifícase o punto 2 do artigo 68, que queda redactado nos seguintes termos:



«2. As multas coercitivas poderán ter natureza periódica, ata que se leve a cabo a restitución e reposición das cousas ao seu estado anterior.

A súa contía será de entre 100 e 1.000 euros. No caso de multas coercitivas periódicas, ese valor será o da súa máxima contía mensual.

Para a gradación das multas coercitivas teranse en conta as mesmas circunstancias establecidas nesta lei para a gradación das sancións.»

Trinta e catro. Modifícase o punto 3 do artigo 71, que queda redactado nos seguintes termos:

«3. O exercicio das potestades ás que se fai referencia no punto anterior correspóndelles aos órganos administrativos aos que a Administración lles atribúa expresamente a competencia para a iniciación, instrución e resolución dos expedientes correspondentes, por disposición de rango legal ou regulamentario.»

Trinta e cinco. Modifícase o punto 1 do artigo 73, que queda redactado nos seguintes termos:

«1. O persoal funcionario adscrito ás funcións de explotación das estradas terá a condición de axentes da autoridade cando se atope no exercicio das ditas funcións.»

Trinta e seis. Modifícase o primeiro parágrafo do punto 2 da disposición adicional segunda, que queda redactado nos seguintes termos:

«Na normativa de desenvolvemento que regule o funcionamento do organismo xestor, a administración titular poderá atribuírlle a aquel as competencias que nesta lei lle corresponden á administración titular, para o exercicio efectivo das funcións relacionadas co ámbito de xestión que lle fose encomendado.»

Trinta e sete. Modifícase a disposición adicional terceira, que queda redactada nos seguintes termos:

«Disposición adicional terceira. Actualización de importes.

A contía das multas e das multas coercitivas previstas nesta lei poderá ser actualizada mediante decreto do Consello da Xunta de Galicia, segundo a evolución do índice de prezos de consumo na Comunidade Autónoma de Galicia.»

Trinta e oito. Engádesse unha disposición adicional cuarta, coa seguinte redacción:

«Disposición adicional cuarta. Previsión de retribucións en especie.

No caso de que as administracións titulares celebren contratos administrativos especiais cuxo obxecto teña relación coa planificación, proxección, execución ou explotación das estradas que son obxecto desta lei, a súa retribución poderá facerse mediante a entrega de contraprestacións distintas do prezo, para os efectos do establecido na lexislación de contratos do sector público.»



Trinta e nove. Modifícase a disposición transitoria segunda, que queda redactada nos seguintes termos:

«Ás autorizacións outorgadas con anterioridade á entrada en vigor desta lei para a realización de obras, instalacións ou actividades na zona de dominio público, agás as de accesos, cando non indiquen o seu prazo máximo, seralles aplicable a duración máxima prevista nesta lei, para o que se ditará a correspondente resolución administrativa, logo da solicitude da persoa titular. O prazo máximo para presentar esta solicitude remata o 31 de decembro de 2016. Logo de transcorrido este prazo sen que se presentase a dita solicitude, a autorización considerarase caducada para calquera efecto.»

Disposicións derradeiras

Primeira.-Delegación legislativa para elaborar un texto refundido en materia de estradas de Galicia.

Delégase no Consello da Xunta de Galicia, por un ano a partir da entrada en vigor desta lei, a potestade de ditar un decreto legislativo que refunda o texto da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, e o resto de disposicións que a modifican, incluídas as contidas nesta lei, no que se deberá aclarar, regularizar e harmonizar a terminoloxía e o contido dispositivo daquela.

Segunda.-Título competencial.

Esta lei dítase ao abeiro do disposto no artigo 148.1.5º da Constitución española, que establece que as comunidades autónomas poden asumir competencias en materia de estradas cando o seu itinerario se desenvolva integramente no territorio destas, e do artigo 27.8 do Estatuto de autonomía de Galicia, que lle reserva á Comunidade Autónoma a competencia exclusiva en materia de estradas non incorporadas á rede do Estado e cuxo itinerario se desenvolva integramente no territorio da Comunidade Autónoma.

Terceira.-Entrada en vigor.

Esta lei entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Santiago de Compostela, sete de agosto de dous mil quince.

Alberto Núñez Feijoo

Presidente

